

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación ARPA

2023-2024

Índice

GRAO ELEMENTAL.....	7
1. Introducción.....	7
Presentación e xustificación	7
A quen vai dirixida	7
2. Metodoloxía	8
3. Atención á diversidade.....	9
4. Temas transversais	10
4.1. Educación en valores.....	10
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	10
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	10
6. Secuenciación do curso	11
Curso: 1º G.E	11
6.1. Obxectivos.....	11
6.2. Contidos.....	11
6.3. Avaliación.....	13
6.3.1. Criterios de avaliación.....	13
6.3.2. Mínimos esixibles	13
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	14
6.3.4. Criterios de cualificación	14
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	14
6.4. Medidas de recuperación.....	16
6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	16
6.4.2. Proba Extraordinaria	17
6.5. Recursos didácticos	17
Curso: 2º G.E.	19
6.1. Obxectivos.....	19
6.2. Contidos.....	19
6.3. Avaliación.....	21
6.3.1. Criterios de avaliación.....	21
6.3.2. Mínimos esixibles	21
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	21
6.3.4. Criterios de cualificación	22
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	22
6.4. Medidas de recuperación.....	24
6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	24
6.4.2. Proba Extraordinaria	24

6.5. Recursos didácticos	24
Curso: 3º G.E.	26
6.1. Obxectivos.....	26
6.2. Contidos.....	26
6.3. Avaliación.....	27
6.3.1. Criterios de avaliación.....	28
6.3.2. Mínimos esixibles	28
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	28
6.3.4. Criterios de cualificación	29
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	29
6.4. Medidas de recuperación.....	31
6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	31
6.4.2. Proba Extraordinaria.....	31
6.5. Recursos didácticos	31
Curso: 4º G.E.....	33
6.1. Obxectivos.....	33
6.2. Contidos.....	34
6.3. Avaliación.....	35
6.3.1. Criterios de avaliación.....	35
6.3.2. Mínimos esixibles	35
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	36
6.3.4. Criterios de cualificación	36
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	37
6.4. Medidas de recuperación.....	37
6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	37
6.4.2. Proba Extraordinaria.....	37
6.5. Recursos didácticos	37
GRAO PROFESIONAL	39
1. Introducción.....	39
1.1. Presentación e xustificación	39
1.2. A quen vai dirixida	39
1.2.1. Xeneralidades	39
1.2.2. Coñecementos previos.....	39
1.3. Relacións cos estudos de réxime xeral	40
1.4. Relacións interdiscipliniais.....	40
2. Metodoloxía	41
3. Atención á diversidade.....	41
4. Temas transversais	42

4.1. Educación en valores.....	42
4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	43
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	43
6. Secuenciación do curso	44
6.1. Obxectivos.....	44
6.2. Contidos.....	44
6.3. Avaliación.....	46
6.3.1. Criterios de avaliación.....	46
6.3.2. Mínimos esixibles	46
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	46
6.3.4. Criterios de cualificación	47
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	47
6.4. Medidas de recuperación.....	49
6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	49
6.4.2. Proba Extraordinaria	49
6.5. Recursos didácticos	49
Curso: 2º G.P.....	52
6.1. Obxectivos.....	52
6.2. Contidos.....	52
6.3. Avaliación.....	53
6.3.1. Criterios de avaliación.....	53
6.3.2. Mínimos esixibles	54
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	54
6.3.4. Criterios de cualificación	55
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	55
6.4. Medidas de recuperación.....	56
6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	57
6.4.2. Proba Extraordinaria	57
6.5. Recursos didácticos	57
Curso: 3º G.P.....	59
6.1. Obxectivos.....	59
6.2. Contidos.....	59
6.3. Avaliación.....	60
6.3.1. Criterios de avaliación.....	60
6.3.2. Mínimos esixibles	60
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	60
6.3.4. Criterios de cualificación	61
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	61
6.4. Medidas de recuperación.....	63

6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	63
6.4.2. Proba Extraordinaria	63
6.5. Recursos didácticos	63
Curso: 4º G.P.	65
6.1. Obxectivos	65
6.2. Contidos	65
6.3. Avaliación	66
6.3.1. Criterios de avaliación	66
6.3.2. Mínimos esixibles	66
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	66
6.3.4. Criterios de cualificación	67
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	67
6.4. Medidas de recuperación	69
6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	69
6.4.2. Proba Extraordinaria	69
6.5. Recursos didácticos	69
Curso: 5º G.P.	71
6.1. Obxectivos	71
6.2. Contidos	71
6.3. Avaliación	72
6.3.1. Criterios de avaliación	72
6.3.2. Mínimos esixibles	72
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	73
6.3.4. Criterios de cualificación	73
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	73
6.4. Medidas de recuperación	75
6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	75
6.4.2. Proba Extraordinaria	76
6.5. Recursos didácticos	76
Curso: 6º G.P.	78
6.1. Obxectivos	78
6.2. Contidos	78
6.3. Avaliación	79
6.3.1. Criterios de avaliación	79
6.3.2. Mínimos esixibles	79
6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación	80
6.3.4. Criterios de cualificación	80
6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	80
6.4. Medidas de recuperación	81

6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios	81
6.4.2. Proba Extraordinaria.....	81
6.5. Recursos didácticos	81
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	83
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	83
ANEXOS	84
Proba de acceso a 2º, 3º ou 4º de Grao Elemental.....	84
Probas de acceso a 2º de G.E.....	84
Probas de acceso a 3º de G.E.....	86
Probas de acceso a 4º de G.E.....	88
Proba de acceso a 1º de Grao Profesional	90
Probas de acceso a outros cursos	91
Probas de acceso a 2º de G.P.....	91
Probas de acceso a 3º de G.P.....	92
Probas de acceso a 4º de G.P.....	93
Probas de acceso a 5º de G.P.....	94
Probas de acceso a 6º de G.P.....	95
Criterios para a obtención dos Premios Fin de Grao.....	96
Clase colectiva	98
Introdución:.....	98
Obxectivos:.....	98
Contidos:.....	99
Criterios de Avaliación.....	100
Criterios de Cualificación.....	101
Segundo instrumento	102
Obxectivos:.....	102
Contidos:.....	103
Criterios de avaliación:	103
Mínimos esixibles.....	103
Criterios de cualificación.....	104
Medidas de recuperación	104
Procedementos de recuperación ordinarios.....	104
Proba Extraordinaria.....	104

GRAO ELEMENTAL

1. Introducción

Presentación e xustificación

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Ditas características veñen ditadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

A quen vai dirixida

- **Xeneralidades**

Os/As alumnos/as acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

- **Coñecementos previos**

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.

O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior.

- **Relacións cos estudos de réxime xeral**

Se os/as alumnos/as entrasen no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizarían o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao poden acceder ata os 14 anos.

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XAN VIAÑO

Avda. do Mar 2-4, esq. Telleiras, 70. CP.: 15406 - Ferrol - CIF: S6500012G - Cod. Centro: 15027617 - Tel.: 981333317 - Fax: 981326748
Móbil: 618619001 - E-Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.gal - <http://centros.edu.xunta.gal/cmusxanviano>

- **Relacións interdisciplinaís**

Instrumento	OS CATRO CURSOS QUE COMPOÑEN O GRAO ELEMENTAL CONFIGURAN UNHA ETAPA DE SUMA IMPORTANCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO FUTURO INSTRUMENTISTA, XA QUE AO LONGO DESTE PERÍODO TEÑEN QUE QUEDAR SENTADAS AS BASES DUNHA TÉCNICA CORRECTA E EFICAZ E, O QUE É AÍNDA MÁIS IMPORTANTE DUNS CONCEPTOS MUSICAIS QUE CRISTALICEN, MEDIANDO O TEMPO NECESARIO PARA A MADURACIÓN DE TODO ISO, NUNHA AUTÉNTICA CONCIENCIA DE INTÉRPRETE.
Linguaxe musical	Na materia de linguaxe musical, o/a alumno/a aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, aspectos básicos que integran a práctica instrumental.
E. auditiva e vogal	Esta materia e a especialidade instrumental comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

2. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos basearase principalmente nunha proposta de contidos que o/a alumno/a deberá adquirir mediante técnicas de aprendizaxe cunha implicación e colaboración entre as dúas partes: *profesor/a e alumno/a*. Deste xeito o/a alumno/a e o/a profesor/a interactúan entre si realizando un sistema de **aprendizaxe significativa** destinada a valorar a implicación, observación e descubrimento daqueles contidos que conforman as distintas unidades didácticas.

A **atención á diversidade** debe estar incorporada na práctica e planificación docente para facilitar a aprendizaxe das distintas necesidades educativas que posúen cada un dos/as alumnos/as de arpa. Debido ó carácter individualizador das clases de arpa o tratamento das mesmas farase desde unha **atención á diversidade baseada** necesariamente no caso particular de cada alumno/a.

3. Atención á diversidade

Nas actividades de clase

A adaptación á diversidade do alumnado nun ensino individualizado como é a do conservatorio é bastante máis sinxela en canto a formulación que nas ensinanzas que se imparten colectivamente. O trato co/a alumno/a é máis próximo e permítenos ser moito máis conscientes das súas peculiaridades e necesidades, o que terá como consecuencia unha resposta educativa máis eficaz. As programacións son o suficientemente abertas como para adaptalas a cada alumno/a, ademais de formular un abano de obras e estudos o máis amplo posible, para conseguir así unha mellor asimilación dos contidos do curso.

Tendo en conta o nivel real do/a alumno/a, o/a profesor/a deberá considerar como primordiais as seguintes cuestións:

1. Coñecer e respectar o nivel musical no que se atopa cada un/unha dos/as alumnos/as.
2. Buscar fórmulas o suficientemente alcanzables para favorecer a progresiva integración do grupo.
3. Adaptar os contidos de forma individualizada, mediante a aplicación metodolóxica oportuna en cada caso.
4. Controlar o ritmo de ensino-aprendizaxe para aqueles que teñen unha mellor capacidade, co fin de non prexudicar o seu avance intelectual e expresivo.

Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Enténdese por alumnos/as que presentan necesidades educativas especiais, aqueles que requiran, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de minusvalías ou trastornos graves de conduta.

Tendo en conta o parágrafo anterior e a clase de ensinanzas que impartimos, o alumnado con necesidades educativas especiais dos nosos centros, poderán ter clases de reforzo e apoio e adaptacións curriculares non significativas.

4. Temas transversais

4.1. Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os/as alumnos/as adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores/as e alumnos/as. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos/ás alumnos/as a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fóra do centro, etc. Os alumnos/as e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de todos os datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos/ás alumnos/as e mellorar a súa educación, resaltarán ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

6. Secuenciación do curso

Curso: 1º G.E

6.1. Obxectivos

Neste curso atopámonos coa primeira toma de contacto do/a alumno/a co instrumento; dada a dificultade que supón enfrontarse a iso, trataremos de que asimile todo o posible acerca da morfoloxía do propio instrumento, unha correcta posición corporal ante el, introdución á técnica básica (técnicas de execución), etc. Así, os obxectivos propostos son:

- Adoptar unha correcta posición corporal a partir dos exercicios de posición fixa e as súas variantes.
- Aprender e practicar a técnica de intervalos, acordes, escalas e apagado.
- Introdución á dicitación
- Interpretar de memoria exercicios básicos de técnica.
- Adquirir bos hábitos de estudo e de aproveitamento do tempo. Insistir na necesidade do estudo diario aínda que este sexa mínimo.
- Aprender a escoitarse e valorar individualmente o traballo realizado (autocrítica).
- Insistir na importancia da práctica en conxunto para mellorar aspectos tales como a sensibilidade auditiva, ritmo, pulso,..., a través de exercicios técnicos ao unísono ou pequenas melodías (pequena introdución ao concepto de música de cámara).
- Recoñecer un son desafinado.

6.2. Contidos

- **Posición fixa**
 - Colocación correcta de corpo, brazos, mans (equilibrio).
 - Conseguir unha correcta articulación de cada un dos catro dedos.
 - Independencia dos dedos.
 - Iniciación á práctica de alternancia e simultaneidade dos dedos (traballo de todas as posibles combinacións).
 - Traballo dos exercicios tanto con mans separadas coma con mans xuntas.
- Iniciación á flexibilidade e a súa aplicación aos exercicios de técnica.

- Control da relaxación mediante a respiración natural.
- **Intervalos harmónicos**
 - Con ou sen nota fixa.
 - Con ou sen preparación.
- **Iniciación á escala**
 - Escalas dunha e dúas oitavas.
 - Iniciación á práctica do pase ascendente e descendente.
 - Módulos de catro sons.
 - Traballo das escalas doadas-difíciles.
- **Introdución ao concepto de acorde e a súa diferenza co intervalo**
 - Coñecemento do acorde perfecto e os seus investimentos.
 - Acores de tres sons: introdución á técnica do plaqué e do arpexiado.
- Coñecemento da dicitación da interválica básica e a súa aplicación máis adecuada segundo as conveniencias técnicas.
- Iniciación ao uso de pedais.
- **Técnica do apagado**
 - Coñecemento e práctica do apagado coa palma da man en silencios e finais de obra.
- Identificación de sons desafinados. Introdución á afinación por medio de aparatos auxiliares.
- Desenvolvemento da memoria por medio da memorización dos exercicios básicos de técnica.
- **Lectura á primeira vista**
 - Iniciación por medio da lectura de pequenos exercicios, frases ou obras.
- Iniciación á comprensión formal das obras: repeticións, frases, etc. (posta en práctica dos coñecementos adquiridos na materia de **linguaxe musical**).
- **Clases colectivas**
 - Concienciación da importancia do traballo en conxunto.
 - Escoita atenta e posta en común da interpretación allea.
 - Interpretación a distintas voces dunha mesma obra.
 - Práctica ao unísono de exercicios técnicos ou pequenas obras.

- **Hábitos de estudo**

- Estudo diario regular e organizado, polo menos de media hora efectiva. (dentro das posibilidades de cada alumno/a e os seus familiares debido á necesidade de desprazarse ao centro para o estudo, pola ausencia do instrumento necesario no fogar. Sería necesario conseguir unha "obrigatoriedade" neste sentido).
- Desenvolvemento da capacidade de autocrítica para ir adquirindo unha progresiva autonomía do alumno/a.

6.3. Avaliación

A avaliación é unha actividade que se desenvolve de forma paralela ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso contéplanse novos momentos e novos modos de realizar a avaliación, non só limitándose á avaliación final.

6.3.1. Criterios de avaliación

- Demostrar a capacidade de audición persoal e autocrítica, para unha posterior independencia no estudo.
- Demostrar a capacidade de estudo individual, organizado e regular (aproveitamento), aplicando as indicacións do/a profesor/a.
- Dominar a técnica traballada ao longo do curso e aplicala correctamente nas obras traballadas.
- Interpretar os textos musicais empregando a medida e articulación axeitadas.
- Tocar audicións con público (polo menos unha vez ao ano).
- Tocar audicións na aula.

6.3.2. Mínimos esixibles

O alumnado superará o curso se obtén, como mínimo, un 5 (valoración de 1 a 10), en cada un de todos os seguintes items:

- Interpretar os textos musicais empregando a medida e articulación axeitadas.
- Dominar a técnica traballada ao longo do curso e aplicala correctamente nas obras traballadas.
- Interpretar en audición pública (polo menos unha vez ao ano) e na aula usando todos os requirimentos técnicos e musicais propios do curso.

6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación inicial realizarémola ao principio do curso e de cada unidade didáctica; a avaliación continua permítenos controlar o proceso mentres este se leva a cabo; e a avaliación final ou sumativa podemos realizala ao final de cada unidade ou ao final do trimestre ou o curso na que se avaliará principalmente o grao de asimilación dos obxectivos e contidos propostos.

En canto aos procedementos de avaliación hai outros que tamén cobran importancia na nosa especialidade como a autoavaliación, xa que da súa capacidade crítica depende en boa medida o correcto aproveitamento do tempo de estudo do/a alumno/a na casa; e a coavaliación, que é aquela que realizan os/as alumnos/as sobre a aprendizaxe dos/as seus/súas compañeiros/as.

A avaliación e cualificación final dos/as alumnos/as celebraranse ao final de curso. A Proba Extraordinaria realizarase no mes de xuño (As obras a interpretar serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net).

No grao elemental, a cualificación negativa de dúas ou máis materias impedirá a promoción.

A cualificación no grao elemental, exprésase con números enteiros do 1 ao 10, entendendo que unha cualificación entre o 1 e o 4 supón a non superación de cada criterio.

6.3.4. Criterios de cualificación

1. Técnicos: 50% (pulsación, coordinación psicomotriz, hixiene postural...)
2. Estéticos: 50% (interpretación, son, resultado musical...)

6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o/a alumno/a teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade dos/as profesores/as do/a alumno/a estean de acordo. Os/As profesores/as poderán realizar unha Xunta Avaliadora para estudar o caso concreto.

No Curso 2015-16, configurouse un protocolo de actuación nos casos do que chama a lei Matrícula Excepcional e que amosaremos a continuación cumprindo ca lexislación vixente:

1º O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerá en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesorado de instrumento ou canto).

O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento. En caso afirmativo, pasamos o seguinte punto e seguimos co proceso.

2º O Titor/a informará a familia (se é menor de idade) ou o alumnado (se é maior de idade) sobre o proceso detectado. A información aportada polo/a Titor/a debe ser de xeito "GLOBAL", é dicir, que, entre outros aspectos, comeza, si así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito COLECTIVO por parte de todos os/as docentes do alumnado cunha decisión UNÁNIME e FIRME.

No caso de que a familia ou o alumnado maior de idade non desexara seguir co procedemento, este conclúe. Si polo contrario a resposta é afirmativa respecto a seguir co procedemento, pasaríamos o seguinte punto.

3º O/a Titor/a recabará a información necesaria do alumnado de todo o profesorado que lle imparte clases nese curso.

4º. Unha vez recollida toda a información o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria ca totalidade do profesorado do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula.

Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a titor/a do alumnado levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado implicado.

Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá haber acordo UNÁNIME de todo o profesorado.

Na Xunta Avaliadora Extraordinaria poderase aportar os datos, documentos... que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (ampliación de matrícula).

Na Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse a cada alumno/a e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.

5. No caso no que se aconselle a súa promoción, o Titor deberá informar ao alumnado maior de idade ou a familia (no caso de ser menor de idade), acerca da solicitude (pódese ver esta solicitude nos Anexos desta Programación) que deberá realizar á atención da Dirección do Centro para levala a Consello e aprobara, se procede.

6. O Consello Escolar reunirse cas solicitudes recibidas pola Dirección e aprobaranse, se procede.

Aquelas que leven o visto bo, serán reflectidas na Acta de Avaliación correspondente.

Posteriormente o alumnado deberá ir á Secretaría do Centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cumprimentación de sobre de matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados estes, o alumnado estará matriculado/a oficialmente no correspondente curso e haberase finalizado o procedemento de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula).

6.4. Medidas de recuperación

Os medios para a recuperación daqueles/as alumnos/as que non obteñan un resultado positivo ao longo do curso, serán os seguintes:

- Observación directa do/a alumno/a.
- Probas do repertorio traballado na clase ou traballo de lectura a primeira vista.
- Asistencia a clases de reforzo ou as Titorías de Alumnos/as.

6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Farase fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do/a profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros/as compañeiros/as de nivel similar, información máis continua cos/as titores/as do alumnado...

6.4.2. Proba Extraordinaria

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net na Avaliación Final.

6.5. Recursos didácticos

Unicamente se necesita unha aula suficientemente ampla para que a acústica sexa razoable e un armario no que gardar o material de clase (partituras, metrónomo, afinador, etc.). Ocasionalmente utilizamos outros espazos do centro como o salón de actos, a biblioteca ou simplemente unha aula de maior capacidade para desenvolver actividades complementarias.

PROGRAMA ORIENTATIVO*

Primeiro grupo: Técnica

- Posición fixa e as súas variantes.
- Intervalos harmónicos.
- Iniciación á escala-técnica do pase.
- Escalas doadas e difíciles.
- Acordes de tres sons.

Segundo grupo: Estudos

- Tres pezas (exercicios) do libro "Arpa I", de S. Cermeño, M^a C. Collado e outras (Ed. Mundimúsica).
- Un estudo dos cinco primeiros estudos do libro "Piccoli studi facili e progressivi" (método Grossi) de Ettore Pozzoli (Ed. Ricordi).
- Unha peza elixida entre as dez primeiras do "Retablo de Navidad" de M^a Rosa Calvo-Manzano (Ed.U.M.E).
- Unha obra de entre os números 3, 4 e 8 do "Pequeño Mundo de los Niños", de M^a Rosa Calvo-Manzano (Ed. U.M.E).

Terceiro grupo: Obras

- Unha obra doada de compositor arpista axeitada ao nivel.

♣ O programa é orientativo. Isto quere dicir que os estudos e obras poden ser substituídos por outros de características semellantes, dependendo do nivel do/a alumno/a.

Curso: 2º G.E.

6.1. Obxectivos

- Dominar e afondar nos obxectivos alcanzados no primeiro curso.
 - Perfeccionar e ampliar os exercicios de posición fixa.
 - Perfeccionar e ampliar a técnica de intervalos, acordes e escalas.
- Coñecer e practicar a técnica de cambio de pedais.
- Coñecer e practicar a técnica do etouffé.
- Afondar na dicitación e a súa utilización acorde coas necesidades expresivas.
- Aplicar os anteriores coñecementos técnicos na medida do posible na interpretación das obras do seu nivel.
- Interpretar de memoria unha das obras do programa.
- Coñecer o uso da chave de afinar.
- Adquirir bos hábitos de estudo e de aproveitamento do tempo. Insistir na necesidade do estudo diario.
- Aprender a escoitarse e valorar individualmente o traballo realizado (autocrítica).
- Insistir e afondar na importancia da práctica en conxunto para mellorar aspectos tales como a sensibilidade auditiva, ritmo, pulso..., a través de exercicios técnicos ao unísono e obras.

6.2. Contidos

- **Posición fixa**
 - Perfeccionamento dos exercicios de primeiro.
 - Exercicios de tres sons simultáneos con todas as súas combinacións.
- Afondamento e automatización da flexibilidade e relaxación do pulso.
- **Intervalos harmónicos**
 - Práctica de intervalos de 3ª a 8ª:
 - Con ou sen nota fixa.
 - Con ou sen preparación.
- Acordes de catro sons.
- **Escalas**
 - Pasando o terceiro dedo por todo a arpa.

- Pasando o cuarto dedo por todo a arpa.
- Práctica de escalas ascendentes e descendentes coas súas posibles combinacións, por exemplo: mans atopadas.
- Traballo rítmico nas escalas: escalas acentuadas, a contratempo.
- Práctica de todas elas nas distintas tonalidades e dinámicas coñecidas.
- Práctica e afondamento da dixitación para ir conseguindo unha maior independencia do/a alumno/a.
- Introducción á modulación por medio dos cambios de pedais coordinados co uso das mans.
- Práctica da técnica do etouffé coa man esquerda en notas soltas, escalas e oitavas (man aberta).
- Control da relaxación por medio da respiración corporal.
- Dominio da postura corporal.
- Iniciación ao coñecemento e uso da chave de afinar con aparatos auxiliares.
- **Memoria**
 - Memorización dos exercicios básicos de técnica.
 - Memorización dunha pequena peza.
- Lectura á primeira vista de pequenas frases ou obras durante a clase.
- Recoñecemento e interpretación do fraseo das obras traballadas.
- **Hábitos de estudo**
 - Estudo diario regular e organizado de polo menos unha hora efectiva.
 - Desenvolvemento da capacidade de autocrítica para obter unha maior autonomía de xeito progresivo.
- **Clases colectivas**
 - escoita atenta e posta en común da interpretación allea.
 - Interpretación de obras a distintas voces.
 - Introducción aos elementos expresivos: dinámicas, ritardandos...
 - Mellora da interpretación propia baseándose na escoita persoal e á posta en común dos/as compañeiros/as.
 - Práctica ao unísono de exercicios técnicos e pequenas obras.

6.3. Avaliación

A avaliación é unha actividade que se desenvolve de forma paralela ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso contémpanse novos momentos e novos modos de realizar a avaliación, non só limitándose á avaliación final.

6.3.1. Criterios de avaliación

- Demostrar a capacidade de audición persoal e autocrítica, para unha posterior independencia no estudo.
- Demostrar a capacidade de estudo individual, organizado e regular (aproveitamento), aplicando as indicacións do/a profesor/a.
- Dominar a técnica correspondente ao curso e poñela en práctica nas obras.
- Interpretar as obras do curso, de xeito axeitado aos diferentes estilos.
- Tocar audicións con público (polo menos unha vez ao ano).
- Tocar audicións na aula.

6.3.2. Mínimos esixibles

O alumnado superará o curso se obtén, como mínimo, un 5 (valoración de 1 a 10), en cada un de todos os seguintes items:

- Dominar a técnica correspondente ao curso e poñela en práctica nas obras.
- Interpretar os textos musicais empregando a medida e articulación axeitadas.
- Dominar a técnica traballada ao longo do curso e aplicala correctamente nas obras traballadas.
- Interpretar en audición pública (polo menos unha vez ao ano) e na aula usando todos os requirimentos técnicos e musicais propios do curso.

6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación inicial realizarémola ao principio do curso e de cada unidade didáctica; a avaliación continua permítenos controlar o proceso mentres este se leva a cabo; e a avaliación final ou sumativa podemos realizala ao final de cada unidade ou ao final do trimestre ou o curso na que se avaliará principalmente o grao de asimilación dos obxectivos e contidos propostos.

En canto aos procedementos de avaliación hai outros que tamén cobran importancia na nosa especialidade como a autoavaliación, xa que da súa capacidade

crítica depende en boa medida o correcto aproveitamento do tempo de estudo do/a alumno/a na casa; e a coavaliación, que é aquela que realizan os/as alumnos/as sobre a aprendizaxe dos/as seus/súas compañeiros/as.

A avaliación e cualificación final dos/as alumnos/as celebraranse ao final de curso. A Proba Extraordinaria realizarase no mes de xuño (As obras a interpretar serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net).

No grao elemental, a cualificación negativa de dúas ou máis materias impedirá a promoción.

A cualificación no grao elemental, exprésase con números enteiros do 1 ao 10, entendendo que unha cualificación entre o 1 e o 4 supón a non superación de cada criterio.

6.3.4. Criterios de cualificación

1. Técnicos: 50% (pulsación, coordinación psicomotriz, hixiene postural...)
2. Estéticos: 50% (interpretación, son, resultado musical...)

6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o/a alumno/a teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade dos/as profesores/as do/a alumno/a estean de acordo. Os/As profesores/as poderán realizar unha Xunta Avaliadora para estudar o caso concreto.

No Curso 2015-16, configurouse un protocolo de actuación nos casos do que chama a lei Matrícula Excepcional e que amosaremos a continuación cumprindo ca lexislación vixente:

1º O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesorado de instrumento ou canto).

O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento. En caso afirmativo, pasamos o seguinte punto e seguimos co proceso.

2º O Titor/a informará a familia (se é menor de idade) ou o alumnado (se é maior de idade) sobre o proceso detectado. A información aportada polo/a Titor/a debe ser

de xeito "GLOBAL", é dicir, que, entre outros aspectos, comeza, si así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito COLECTIVO por parte de todos os/as docentes do alumnado cunha decisión UNÁNIME e FIRME.

No caso de que a familia ou o alumnado maior de idade non desexara seguir co procedemento, este conclúe. Si polo contrario a resposta é afirmativa respecto a seguir co procedemento, pasaríamos o seguinte punto.

3º O/a Titor/a recabará a información necesaria do alumnado de todo o profesorado que lle imparte clases nese curso.

4º. Unha vez recollida toda a información o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria ca totalidade do profesorado do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula.

Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a titor/a do alumnado levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado implicado.

Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá haber acordo UNÁNIME de todo o profesorado.

Na Xunta Avaliadora Extraordinaria poderase aportar os datos, documentos... que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (ampliación de matrícula).

Na Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse a cada alumno/a e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.

5. No caso no que se aconselle a súa promoción, o Titor deberá informar ao alumnado maior de idade ou a familia (no caso de ser menor de idade), acerca da solicitude (pódese ver esta solicitude nos Anexos desta Programación) que deberá realizar á atención da Dirección do Centro para levala a Consello e aprobala, se procede.

6. O Consello Escolar reunirase cas solicitudes recibidas pola Dirección e aprobaranse, se procede.

Aquelas que leven o visto bo, serán reflectidas na Acta de Avaliación correspondente.

Posteriormente o alumnado deberá ir á Secretaría do Centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cumprimentación de sobre de matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados estes, o alumnado estará matriculado/a oficialmente no correspondente curso e haberase finalizado o procedemento de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula).

6.4. Medidas de recuperación

Os medios para a recuperación daqueles/as alumnos/as que non obteñan un resultado positivo ao longo do curso, serán os seguintes:

- Observación directa do/a alumno/a.
- Probas do repertorio traballado na clase ou traballo de lectura a primeira vista.
- Asistencia a clases de reforzo ou as Titorías de Alumnos/as.

6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Farase fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do/a profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros/as compañeiros/as de nivel similar, información máis continua cos/as titores/as do alumnado...

6.4.2. Proba Extraordinaria

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net na Avaliación Final.

6.5. Recursos didácticos

Unicamente se necesita unha aula suficientemente ampla para que a acústica sexa razoable e un armario no que gardar o material de clase (partituras, metrónomo, afinador, etc.). Ocasionalmente utilizamos outros espazos do centro como o salón de

actos, a biblioteca ou simplemente unha aula de maior capacidade para desenvolver actividades complementarias.

PROGRAMA ORIENTATIVO*

Primeiro grupo: Técnica

- Colocación correcta de dedos, mans, cóbados..., de todo o corpo en xeral.
- Continuar coa técnica de primeiro e o seu afondamento.
- Acordes de catro sons: perfectos e de sétima.
- **Escalas**
 - Continuar coas escalas doadas-difíciles.
 - Escalas glisadas do 1º e 4º dedos.
 - Con diferentes dixitacións: por exemplo suprimindo algún dedo.
 - Con diferentes dinámicas e en diferentes tonalidades.
 - Iniciación ás escalas de mans atopadas.
 - Iniciación ás escalas con diferentes xogos rítmicos.
- Traballo da técnica do etouffé.

Segundo grupo: Estudos

- Un estudo da segunda metade do libro "Piccoli studi facili e progressivi" (m.Grossi) de E. Pozzoli (ed. Ricordi).
- Dous estudos do primeiro caderno de "20 Estudios Fáciles" op. 318, de N.Ch.Bochsa (Ed. Leduc).
- Dúas pezas (estudo) do libro "Arpa 2" (Ed. Mundimúsica).
- Unha peza de entre os números 1, 2, 5 e 9 do "Pequeño Mundo de los Niños" de Mª Rosa Calvo-Manzano (ED. U.M.E).
- Unha peza de entre as dez primeiras do "Retablo de Navidad", de Mª Rosa Clavo-Manzano (Ed. U.M.E).

Terceiro grupo: Obras

- Unha peza do "Cuaderno de Ana Mª Magdalena Bach", de J.S.Bach. Transc. para arpa de M.R.Calvo-Manzano (Ed. U.M.E).
- Unha obra doada de compositor arpista.

* O programa é orientativo. Isto quere dicir que os estudos e obras poden ser substituídos por outros de características semellantes, dependendo do nivel do/a alumno/a.

Curso: 3º G.E.

6.1. Obxectivos

- Ampliar a técnica dos dous cursos anteriores, afondar nas dificultades rítmicas e procesos modulantes.
- Aplicar os aspectos técnicos na interpretación das obras do seu nivel.
- Coñecer e dominar os obxectivos de primeiro e segundo.
- Coñecer o ciclo de quintas e oitavas e poñelo en práctica na afinación do instrumento.
- Continuar coa técnica do arpexiado.
- Insistir e afondar na importancia da práctica en conxunto para mellorar aspectos tales como a sensibilidade auditiva, a ser posible, con outros instrumentos.
- Interpretar de memoria unha obra de maior dificultade que o ano anterior.
- Poder realizar análises formais sinxelas das obras a traballar.
- Práctica da lectura á primeira vista para adquirir de xeito progresivo unha maior axilidade e soltura na lectura.
- Recoñecer as dificultades, os erros, buscando o xeito máis axeitado para resolvelos.

6.2. Contidos

- Práctica da posición fixa con todas as súas variantes anteriormente traballadas.
- Práctica dos intervalos harmónicos.
- Práctica dos acordes de tres e catro sons.
- Maior soltura á hora de realizar as dicitacións das obras, estudos, segundo as conveniencias expresivas e dificultades técnicas que xurdan.
- **Escalas**
 - Práctica de todos os tipos de escalas vistos en cursos anteriores.
 - Práctica de distintos intervalos entre as mans (3ª, 4ª, 5ª...)
 - Escalas acentuadas, con diferentes xogos rítmicos (negra, dous corcheas, tresillos,...).
- Iniciación á velocidade por medio de diferentes exercicios, por exemplo de escalas con xogos rítmicos.

- Práctica da técnica do etouffé coa man dereita en notas soltas, escalas e oitavas. Dominio e afondamento da mesma técnica coa man esquerda.
- **Relaxación**
 - Control da relaxación mediante a respiración natural.
 - Práctica de exercicios específicos para a relaxación.
- Coñecemento do ciclo de quintas e oitavas para a afinación do instrumento e a súa práctica con axuda do/a profesor/a (sen aparatos auxiliares).
- Iniciación á análise formal e expresiva previa á interpretación das obras a traballar.
- Lectura á primeira vista de frases ou obras durante a clase para adquirir unha maior soltura e rapidez.
- **Desenvolvemento da memoria**
 - Memorización dos exercicios básicos de técnica.
 - Memorización dunha obra de maior complexidade (pode tratarse por exemplo do movemento dunha sonata).
- **Hábitos de estudo**
 - Estudo diario regular e organizado de polo menos unha hora e media.
 - Desenvolvemento da capacidade de autocrítica para obter unha progresiva autonomía.
- **Clases colectivas**
 - Práctica de exercicios técnicos.
 - Interpretación de obras para varios instrumentos, obras de música de cámara...
 - Escoita atenta e posta en común da interpretación allea.
 - Mellora da interpretación propia baseándose na escoita persoal e á posta en común dos/as compañeiros/as.

6.3. Avaliación

A avaliación é unha actividade que se desenvolve de forma paralela ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso contéplanse novos momentos e novos modos de realizar a avaliación, non só limitándose á avaliación final.

6.3.1. Criterios de avaliación

- Demostrar a capacidade de audición persoal e autocrítica, para unha posterior independencia no estudo.
- Demostrar a capacidade de estudo individual, organizado e regular (aproveitamento), aplicando as indicacións do/a profesor/a.
- Demostrar a capacidade de tocar en grupo, precisión rítmica, dinámica, de respiración, etc., escoitando ao resto das voces.
- Dominar a técnica correspondente ao curso e aplicala nas obras estudadas.
- Interpretar cada unha das obras do curso de acordo cos criterios estilísticos correspondentes a cada época.
- Tocar audicións con público (polo menos unha vez ao ano).
- Tocar audicións na aula.

6.3.2. Mínimos esixibles

O alumnado superará o curso se obtén, como mínimo, un 5 (valoración de 1 a 10), en cada un de todos os seguintes items:

- Dominar a técnica correspondente ao curso e poñela en práctica nas obras.
- Interpretar cada unha das obras do curso de acordo cos criterios estilísticos correspondentes a cada época.
- Demostrar a capacidade de tocar en grupo, precisión rítmica, dinámica, de respiración, etc., escoitando ao resto das voces.
- Interpretar os textos musicais empregando a medida e articulación axeitadas.
- Dominar a técnica traballada ao longo do curso e aplicala correctamente nas obras traballadas.
- Interpretar en audición pública (polo menos unha vez ao ano) e na aula usando todos os requirimentos técnicos e musicais propios do curso.

6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación inicial realizarémola ao principio do curso e de cada unidade didáctica; a avaliación continua permítenos controlar o proceso mentres este se leva a cabo; e a avaliación final ou sumativa podemos realizala ao final de cada unidade ou ao final do trimestre ou o curso na que se avaliará principalmente o grao de asimilación dos obxectivos e contidos propostos.

En canto aos procedementos de avaliación hai outros que tamén cobran importancia na nosa especialidade como a autoavaliación, xa que da súa capacidade crítica depende en boa medida o correcto aproveitamento do tempo de estudo do/a alumno/a na casa; e a coavaliación, que é aquela que realizan os/as alumnos/as sobre a aprendizaxe dos/as seus/súas compañeiros/as.

A avaliación e cualificación final dos/as alumnos/as celebraranse ao final de curso. A Proba Extraordinaria realizarase no mes de xuño (As obras a interpretar serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net).

No grao elemental, a cualificación negativa de dúas ou máis materias impedirá a promoción.

A cualificación no grao elemental, exprésase con números enteiros do 1 ao 10, entendendo que unha cualificación entre o 1 e o 4 supón a non superación de cada criterio.

6.3.4. Criterios de cualificación

1. Técnicos: 50% (pulsación, coordinación psicomotriz, hixiene postural...)
2. Estéticos: 50% (interpretación, son, resultado musical...)

6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o/a alumno/a teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade dos/as profesores/as do/a alumno/a estean de acordo. Os/As profesores/as poderán realizar unha Xunta Avaliadora para estudar o caso concreto.

No Curso 2015-16, configurouse un protocolo de actuación nos casos do que chama a lei Matrícula Excepcional e que amosaremos a continuación cumprindo ca lexislación vixente:

1º O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesorado de instrumento ou canto).

O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento. En caso afirmativo, pasamos o seguinte punto e seguimos co proceso.

2º O/A Titor/a informará a familia (se é menor de idade) ou o alumnado (se é maior de idade) sobre o proceso detectado. A información aportada polo/a Titor/a debe ser de xeito "GLOBAL", é dicir, que, entre outros aspectos, comeza, si así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito COLECTIVO por parte de todos os/as docentes do alumnado cunha decisión UNÁNIME e FIRME.

No caso de que a familia ou o alumnado maior de idade non desexara seguir co procedemento, este conclúe. Si polo contrario a resposta é afirmativa respecto a seguir co procedemento, pasaríamos o seguinte punto.

3º O/a Titor/a recabará a información necesaria do alumnado de todo o profesorado que lle imparte clases nese curso.

4º. Unha vez recollida toda a información o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria ca totalidade do profesorado do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula.

Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a titor/a do alumnado levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado implicado.

Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá haber acordo UNÁNIME de todo o profesorado.

Na Xunta Avaliadora Extraordinaria poderase aportar os datos, documentos... que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (ampliación de matrícula).

Na Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse a cada alumno/a e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.

5. No caso no que se aconselle a súa promoción, o Titor deberá informar ao alumnado maior de idade ou a familia (no caso de ser menor de idade), acerca da solicitude (pódese ver esta solicitude nos Anexos desta Programación) que deberá realizar á atención da Dirección do Centro para levala a Consello e aprobala, se procede.

6. O Consello Escolar reunirase cas solicitudes recibidas pola Dirección e aprobaranse, se procede.

Aquelas que leven o visto bo, serán reflectidas na Acta de Avaliación correspondente.

Posteriormente o alumnado deberá ir á Secretaría do Centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cumprimentación de sobre de matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados estes, o alumnado estará matriculado/a oficialmente no correspondente curso e haberase finalizado o procedemento de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula).

6.4. Medidas de recuperación

Os medios para a recuperación daqueles/as alumnos/as que non obteñan un resultado positivo ao longo do curso, serán os seguintes:

- Observación directa do/a alumno/a.
- Probas do repertorio traballado na clase ou traballo de lectura a primeira vista.
- Asistencia a clases de reforzo ou as Titorías de Alumnos/as.

6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Farase fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do/a profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros/as compañeiros/as de nivel similar, información máis continua cos/as titores/as do alumnado...

6.4.2. Proba Extraordinaria

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net na Avaliación Final.

6.5. Recursos didácticos

Unicamente se necesita unha aula suficientemente ampla para que a acústica sexa razoable e un armario no que gardar o material de clase (partituras, metrónomo,

afinador, etc.). Ocasionalmente utilizamos outros espazos do centro como o salón de actos, a biblioteca ou simplemente unha aula de maior capacidade para desenvolver actividades complementarias.

PROGRAMA ORIENTATIVO[‡]

Primeiro grupo: Técnica

- Afondamento na técnica de cursos anteriores.
- Escalas de maior complexidade rítmica.
- Arpexos.
- Etouffés.
- Afinación.

Segundo grupo: Estudos

- Un estudo da primeira metade do libro "Studi di media difficultá" de E. Pozzoli (Ed. Ricordi).
- Unha peza (estudo) do libro "Arpa 3 e 4" (Ed. Mundimúsica).
- Tres estudos de entre os doce primeiros de " 25 Ejercicios estudios" op. 62 de N.Ch.Bochsa (Ed. Leduc).
- Unha peza elixida entre as dez segundas do "Retablo de Navidad" de M^a.R.Calvo-Manzano (ed.U.M.E).
- Unha peza de entre os números 5, 6, 7 e 9 do "Pequeño Mundo de los Niños" de M^aR.Calvo-Manzano (ed.U.M.E).

Terceiro grupo: Obras Barrocas e Clásicas

- Unha obra barroca por exemplo do libro "Los clásicos del arpa" de H.Renié (Ed. Leduc).
- Unha Sonatina de entre os números 1 e 2 das "Seis sonatinas para arpa" de J.L.Dussek (Ed. Supraphon Praha-Artia).
- Cuarto grupo: Obras Románticas e Modernas
- Unha obra moderna doada de compositor arpista.

[‡] O programa é orientativo. Isto quere dicir que os estudos e obras poden ser substituídos por outros de características semellantes, dependendo do nivel do/a alumno/a.

Curso: 4º G.E.

6.1. Obxectivos

Debido a que nos atopamos no último curso do ciclo de grao elemental, os obxectivos a continuación detallados, son un compendio dos dous anteriores cursos, para así conseguir un maior afondamento en cada un dos puntos traballados.

- Adoptar unha correcta e relaxada posición corporal ao sentar e coller o instrumento (sempre adecuada á complexión física do neno).
- Ampliar o coñecemento sobre algunha faceta do instrumento (historia, autores,...) mediante a realización de traballos monográficos.
- Coñecer a afinación do instrumento con e sen aparatos auxiliares.
- Coñecer as características organolóxicas do instrumento así como as súas posibilidades sonoras.
- Coñecer as diferentes dicitacións en función da técnica e expresión e a súa axeitada utilización.
- Coñecer e aplicar axeitadamente a técnica do cambio de pedais.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva para así poder distinguir entre as diferentes calidades de son.
- Desenvolver de xeito permanente a memoria.
- Distinguir diferentes estruturas musicais para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non soamente intuitiva de cada unha das pezas.
- Dominar a técnica do etouffé.
- Insistir na importancia de adquirir uns correctos e eficaces hábitos de estudo.
- Interpretar obras a dúas arpas ou en conxunto
- Realizar axilmente os movementos de preparación, articulación, ataque e colocación de dedos, base da posición fixa.
- Realizar correctamente técnicas de efectos e expresión.
- Realizar de xeito áxil e seguro os exercicios técnicos: intervalos harmónicos, escalas, acordes e arpejos.
- Realizar lecturas á primeira vista adecuadas ao nivel.

6.2. Contidos

- Práctica da posición fixa con todas as súas variantes.
- Práctica dos intervalos harmónicos e as súas posibles combinacións.
- Práctica dos acordes de tres e catro sons, prestando especial atención no ataque para non crear impurezas sonoras (cerdeos).
- **Escalas**
 - Práctica de todas as escalas practicadas en cursos anteriores tanto ascendentes como descendentes (técnica do pase):
 - Combinando figuras rítmicas para progresivamente alcanzar unha maior velocidade.
 - Aplicación a estas de distintos efectos e dinámicas.
 - Traballo de escalas nas diferentes tonalidades para adquirir unha maior soltura e axilidade no uso dos pedais.
- **Arpexios**
 - Acordes de sétima:
 - Mans simultáneas e alternas.
 - Combinacións de mans e dedos.
 - Automatización da dixitación segundo as conveniencias expresivas e necesidades técnicas.
 - Afondamento na técnica do apagado con ambas as dúas mans.
- **Relaxación**
 - Relaxación por medio da respiración natural.
 - Práctica de exercicios básicos para a relaxación.
 - Afondamento no uso dos pedais para así conseguir un maior afianzamento, áxil e coordinado.
- **Afinación**
 - Distinguir un son desafinado e recoñecelo.
 - Coñecer os instrumentos necesarios para a afinación e o seu uso específico.
 - Práctica da afinación con e sen aparatos auxiliares.
 - Práctica sobre o cambio das cordas da arpa.
- **Memoria**
 - Memorización de exercicios de técnica.

- Memorización de polo menos unha obra de maior dificultade ou extensión que en cursos anteriores.
- Traballo da lectura á primeira vista en clase.
- Analizar do xeito máis profundo posible tanto formal como expresivamente, o repertorio a traballar durante o curso.
- **Clase colectiva**
 - Práctica de exercicios técnicos ao unísono.
 - Interpretación de obras con outro ou outros instrumentos (se é posible).
 - Escoita atenta da interpretación allea e posta en común (mellora da interpretación propia).
- **Hábitos de estudo**
 - Estudo diario regular e organizado de polo menos dúas horas efectivas.
 - Desenvolvemento e afondamento da capacidade de autocrítica para obter unha progresiva autonomía.

6.3. Avaliación

A avaliación é unha actividade que se desenvolve de forma paralela ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso contémpanse novos momentos e novos modos de realizar a avaliación, non só limitándose á avaliación final.

6.3.1. Criterios de avaliación

- Dominar a técnica correspondente aos contidos propios do curso.
- Interpretar cada obra de acordo cos criterios de estilo correspondentes, incorporando a técnica axeitada a cada unha delas.
- Demostrar a capacidade de tocar en grupo: precisión rítmica, dinámica, empaste sonoro...
- Demostrar a capacidade de estudar dun xeito regular e organizado.
- Tocar audicións en público. Interpretación de polo menos unha das obras do curso de memoria, con seguridade e control da situación.

6.3.2. Mínimos esixibles

O alumnado superará o curso se obtén, como mínimo, un 5 (valoración de 1 a 10), en cada un de todos os seguintes items:

- Dominar a técnica correspondente aos contidos propios do curso.
- Interpretar cada obra de acordo cos criterios de estilo correspondentes, incorporando a técnica axeitada a cada unha delas.
- Demostrar a capacidade de tocar en grupo: precisión rítmica, dinámica, empaste sonoro...
- Tocar audicións en público. Interpretación de polo menos unha das obras do curso de memoria, con seguridade e control da situación.

6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación inicial realizarémola ao principio do curso e de cada unidade didáctica; a avaliación continua permítenos controlar o proceso mentres este se leva a cabo; e a avaliación final ou sumativa podemos realizala ao final de cada unidade ou ao final do trimestre ou o curso na que se avaliará principalmente o grao de asimilación dos obxectivos e contidos propostos.

En canto aos procedementos de avaliación hai outros que tamén cobran importancia na nosa especialidade como a autoavaliación, xa que da súa capacidade crítica depende en boa medida o correcto aproveitamento do tempo de estudo do/a alumno/a na casa; e a coavaliación, que é aquela que realizan os/as alumnos/as sobre a aprendizaxe dos/as seus/súas compañeiros/as.

A avaliación e cualificación final dos/as alumnos/as celebraranse ao final de curso. A Proba Extraordinaria realizarase no mes de xuño (As obras a interpretar serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net).

No grao elemental, a cualificación negativa de dúas ou máis materias impedirá a promoción.

A cualificación no grao elemental, exprésase con números enteiros do 1 ao 10, entendendo que unha cualificación entre o 1 e o 4 supón a non superación de cada criterio.

6.3.4. Criterios de cualificación

1. Técnicos: 50% (pulsación, coordinación psicomotriz, hixiene postural...)
2. Estéticos: 50% (interpretación, son, resultado musical...)

6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

No 4º curso de G.E. non é posible realizar ampliación de matrícula, xa que hai que realizar unha proba de acceso a outro Grao, tal como indica a normativa.

6.4. Medidas de recuperación

Os medios para a recuperación daqueles/as alumnos/as que non obteñan un resultado positivo ao longo do curso, serán os seguintes:

- Observación directa do/a alumno/a.
- Probas do repertorio traballado na clase ou traballo de lectura a primeira vista.
- Asistencia a clases de reforzo ou as Titorías de Alumnos/as.

6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Farase fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do/a profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros/as compañeiros/as de nivel similar, información máis continua cos/as titores/as do alumnado...

6.4.2. Proba Extraordinaria

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net na Avaliación Final.

6.5. Recursos didácticos

Unicamente se necesita unha aula suficientemente ampla para que a acústica sexa razoable e un armario no que gardar o material de clase (partituras, metrónomo, afinador, etc.). Ocasionalmente utilizamos outros espazos do centro como o salón de actos, a biblioteca ou simplemente unha aula de maior capacidade para desenvolver actividades complementarias.

PROGRAMA ORIENTATIVO*

Primeiro grupo: Técnica

- Dominio e afondamento da técnica de cursos anteriores:
 - Posición fixa.
 - Intervalos harmónicos.
 - Acordes.
 - Escalas (variedades xa estudadas e introdución de novas variantes).
 - Apagado.
 - Sons soltos: picado, stacatto...
 - Pedais.

Segundo grupo: Estudos

- Unha peza estudo do libro "Arpa 3 e 4" (Ed. Mundimúsica).
- Un estudo da segunda metade de "Studi di media difficultá" de E. Pozzoli.
- Tres estudos elixidos entre os trece segundos de "25 Ejercicios Estudios" op.62 de N.Ch. Bochsa. (Ed.Leduc).
- Dúas pezas da "Navidad de los Niños" ou unha deste e outra do libro de "Ana M^a Magdalena Bach".

Terceiro grupo: Obras Barrocas e Clásicas

- Unha obra do caderno 11 dos "Clásicos del arpa", de H. Renié (Ed.Leduc) ou outra obra barroca de similar dificultade.
- Unha sonatina de entre os números 3 e 4 das "Seis Sonatinas para arpa" de J.L.Dussek (Ed. Supraphon Praha-Artia).

Cuarto grupo: Obras Románticas e Modernas

- Unha sonatina de entre os números 1 e 2 das "Siete Sonatinas Progresivas de F.J.Naderman (Ed. Leduc).
- Unha obra de mediana dificultade de compositor arpista.

* O programa é orientativo. Isto quere dicir que os estudos e obras poden ser substituídos por outros de características semellantes, dependendo do nivel do/a alumno/a.

GRAO PROFESIONAL

1. Introducción

1.1. Presentación e xustificación

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto 203/2007 do 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

1.2. A quen vai dirixida

1.2.1. Xeneralidades

A presente programación está dirixida a alumnos/as do grao profesional. Para acceder a este grao non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

1.2.2. Coñecementos previos

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos.

Os/As alumnos/as que superen o curso pasarán ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

1.3. Relacións cos estudos de réxime xeral

A maioría dos/as alumnos/as compatibilizan estes estudos con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, os/as alumnos/as dos primeiros cursos de grao profesional cursan a E.S.O. e os/as alumnos/as de 5º e 6º de grao profesional compatibilizan os nosos estudos co Bacharelato.

1.4. Relacións interdisciplinares

INSTRUMENTO	A TAREFA DO/A ALUMNO/A DE GRADO PROFESIONAL CONSISTE EN: DESENVOLVER A DESTREZA NECESARIA NO MANEXO DUN INSTRUMENTO PARA QUE A EXECUCIÓN DO TEXTO MUSICAL ADQUIRA A SÚA PLENA DIMENSIÓN DE MENSAXE EXPRESIVAMENTE SIGNIFICATIVA E TRANSMITA DE MANEIRA PERSUASIVA E CONVINCENTE, A EMOCIÓN DA ORDE ESTÉTICA QUE NO ESPÍRITO DESPERTA A OBRA MUSICAL CIFRADA NA PARTITURA.
Linguaxe musical	Senta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permite que os/as alumnos/as realicen unhas interpretacións de calidade.
Coro/ Orquestra	Incorporan aos/ás alumnos/as en grupos numerosos, e os fan participar dunha sección coa responsabilidade que require. Inciden nun desenvolvemento técnico propio do traballo en conxunto.
Harmonía	Faculta aos/ás alumnos/as a recoñecer a importancia da súa voz cando tocan dentro dun conxunto, e os axuda a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.
Análise	Senta as bases que permiten que o/a alumno/a entenda e consiga interpretar a música que escoita, le, ou toca desde un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta. Nun aspecto ou noutro ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos 5º e 6º.
Historia	Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e de como este inflúe na estética musical.

Informática	As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade aos/ás alumnos/as para que expresen a súa creatividade e para que poidan empregar recursos no seu estudo individual (Gravarse, editar partituras, etc....)
Conxunto	Con esta materia os/as alumnos/as son responsables co seu traballo individual do resultado do conxunto. Os/As alumnos/as deben empregar tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas.
Rep..Acom e P.C.	Repentización e acompañamento e piano complementario: dotarán aos/ás alumnos/as das ferramentas de apoio que precisan para adquirir unha comprensión global da música.

2. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos basearanse principalmente nunha proposta de contidos que o/a alumno/a deberá adquirir mediante técnicas de aprendizaxe cunha implicación e colaboración entre as dúas partes: *profesor/a e alumno/a*. Deste xeito o/a alumno/a e o/a profesor/a interactúan entre si realizando un sistema de **aprendizaxe significativa** destinada a valorar a implicación, observación e descubrimento daqueles contidos que conforman as distintas unidades didácticas.

A **atención á diversidade** debe estar incorporada na práctica e planificación docente para facilitar a aprendizaxe das distintas necesidades educativas que posúen cada un dos/as alumnos/as de arpa. Debido ó carácter individualizado das clases de arpa o tratamento das mesmas farase desde unha **atención á diversidade baseada** necesariamente no caso particular de cada alumno/a.

3. Atención á diversidade

Nas actividades de clase

A adaptación á diversidade do alumnado nun ensino individualizado como é a do conservatorio é bastante máis sinxela en canto a formulación que nas ensinanzas que se imparten colectivamente. O trato co/coa alumno/a é máis próximo e permítenos ser moito máis conscientes das súas peculiaridades e necesidades, o que terá como consecuencia unha resposta educativa máis eficaz. As programacións son o

suficientemente abertas como para adaptalas a cada alumno/a, ademais de formular un abano de obras e estudos o máis amplo posible, para conseguir así unha mellor asimilación dos contidos do curso.

Tendo en conta o nivel real do/a alumno/a, o/a profesor/a deberá considerar como primordiais as seguintes cuestións:

1. Coñecer e respectar o nivel musical no que se atopa cada un dos/as alumnos/as.
2. Buscar fórmulas o suficientemente alcanzables para favorecer a progresiva integración do grupo.
3. Adaptar os contidos de forma individualizada, mediante a aplicación metodolóxica oportuna en cada caso.
4. Controlar o ritmo de ensino-aprendizaxe para aqueles que teñen unha mellor capacidade, co fin de non prexudicar o seu avance intelectual e expresivo.

Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Enténdese por alumnos/as que presentan necesidades educativas especiais, aqueles que requiran, por un período do seu escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de minusvalías ou trastornos graves de conduta.

Tendo en conta o parágrafo anterior e a clase de ensinanzas que impartimos, o alumnado con necesidades educativas especiais dos nosos centros, poderán ter clases de reforzo e apoio e adaptacións curriculares non significativas.

4. Temas transversais

4.1. Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os/as alumnos/as adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores/as e alumnos/as. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos/as alumnos/as a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fóra do centro, etc. Os alumnos/as e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de todos os datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos/as e mellorar a súa educación, resaltarán ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

6. Secuenciación do curso

Curso: 1º G.P.

6.1. Obxectivos

Este ciclo representa o primeiro do grao medio, suponse que os/as alumnos/as que chegan a el de forma directa ou a través dunha proba de acceso, deben ter cumpridos os obxectivos do grao elemental; non obstante, a realidade demostra que convén repasar, afianzar e afondar nalgúns deles.

- Afondar na práctica de correctos e eficaces (aproveitamento) hábitos de estudo.
- Controlar a través da técnica a coordinación psicomotriz (mans, pedais, respiración,...).
- Dominar e aplicar axeitadamente a técnica do cambio de pedais.
- Interpretar obras de todos os estilos do repertorio solista atendendo ás características propias de cada obra, á musicalidade e á expresión (iniciarse no estudo teórico das características propias de cada estilo, as súas similitudes e as súas diferenzas).
- Práctica do repertorio sinfónico apropiado ao nivel.
- Practicar en todas as oitavas da arpa os exercicios de técnica xa estudados.
- Realizar escalas, arpexos e acordes nas diferentes tonalidades maiores e menores.
- Realizar exercicios de improvisación e técnicas "a piacere".
- Tocar en público, sendo algunha das obras do repertorio de memoria, demostrando un axeitado autocontrol, permitindo así unha correcta fluidez do discurso musical e a conseguinte comunicación co oínte.

6.2. Contidos

- **Técnica**
 - Repaso e afianzamento da técnica de grao elemental.
 - Práctica de intervalos, escalas, acordes e arpexos.
- Mans cruzadas.
- Sentido inverso.
- Distintas dinámicas.

▪ **Mans en distintas tesituras**

- Traballar a claridade sonora en ambas as dúas mans (ataque).
- Iniciación ao estudo da combinación de fórmulas rítmicas diferentes para cada man.
- Estudo de exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais.

▪ Estudo teórico dos diferentes ornamentos, e a súa práctica con exercicios específicos, e mesmo escribindo o/a alumno/a a súa propia ornamentación nas obras que así requíranos (no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan).

▪ Coñecemento das distintas grafías contemporáneas e a súa realización na arpa.

▪ **Comprensión e análise / Improvisación**

- Realización de traballos de análise sobre fragmentos ou a totalidade das obras de repertorio:

▪ Análise harmónica.

▪ Formal.

▪ Histórico.

▪ Estilístico. Todos estes puntos no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan.

▪ Traballo de lectura á primeira vista, continuación do realizado anteriormente no grao elemental.

▪ Estudo do repertorio orquestral apto para o seu nivel.

▪ Interpretación correcta do repertorio solista propio do nivel.

▪ Adestramento continuado da memoria.

• **Audicións**

- Do/a alumno/a dentro da aula.

- Do/a alumno/a ante un público.

- De distintas versións dunha obra, comparando de xeito crítico as diferentes interpretacións.

6.3. Avaliación

A avaliación é unha actividade que se desenvolve de forma paralela ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso contéplanse novos momentos e novos modos de realizar a avaliación, non só limitándose á avaliación final.

6.3.1. Criterios de avaliación

- Dominar a técnica correspondente ao curso.
- Interpretar estudos e obras de todas as épocas, de acordo cos seus criterios estilísticos correspondentes. Demostrar a autonomía necesaria para a resolución de problemas tanto teóricos como técnicos.
- Tocar en público con fluidez e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras do curso.

6.3.2. Mínimos esixibles

O alumnado superará o curso se obtén, como mínimo, un 5 (valoración de 1 a 10), en cada un de todos os seguintes items:

- Dominar a técnica correspondente ao curso.
- Interpretar estudos e obras de todas as épocas, de acordo cos seus criterios estilísticos correspondentes. Demostrar a autonomía necesaria para a resolución de problemas tanto teóricos como técnicos.
- Tocar en público con fluidez e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras do curso.

6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación inicial realizarémola ao principio do curso e de cada unidade didáctica; a avaliación continua permítenos controlar o proceso mentres este se leva a cabo; e a avaliación final ou sumativa podemos realizala ao final de cada unidade ou ao final do trimestre ou o curso na que se avaliará principalmente o grao de asimilación dos obxectivos e contidos propostos.

En canto aos procedementos de avaliación hai outros que tamén cobran importancia na nosa especialidade como a autoavaliación, xa que da súa capacidade crítica depende en boa medida o correcto aproveitamento do tempo de estudo do/a

alumno/a na casa; e a coavaliación, que é aquela que realizan os/as alumnos/as sobre a aprendizaxe dos seus/súas compañeiros/as.

A avaliación e cualificación final dos/as alumnos/as celebraranse ao final de curso. A Proba Extraordinaria realizarase no mes de xuño (As obras a interpretar serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net).

No Grao Profesional, a cualificación negativa de dúas materias (como máximo) permitirá a promoción ao curso seguinte. No suposto de materias pendentes referidas á práctica instrumental, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte se esta forma parte deste. No resto dos casos os/as alumnos/as deberán asistir ás clases da materia non superada no curso anterior.

A cualificación no Grao Profesional, exprésase con números enteiros do 1 ao 10, entendendo que unha cualificación entre o 1 e o 4 supón a non superación de cada criterio.

6.3.4. Criterios de cualificación

1. Técnicos: 50% (pulsación, coordinación psicomotriz, hixiene postural...)
2. Estéticos: 50% (interpretación, son, resultado musical...)

6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o/a alumno/a teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade dos/as profesores/as do/a alumno/a estean de acordo. Os/As profesores/as poderán realizar unha Xunta Avaliadora para estudar o caso concreto.

No Curso 2015-16, configurouse un protocolo de actuación nos casos do que chama a lei Matrícula Excepcional e que amosaremos a continuación cumprindo ca lexislación vixente:

1º O profesorado que detecte dita posibilidade, poñerase en contacto co/a titor/a do alumnado, se non o é (profesorado de instrumento ou canto).

O/A profesor/a solicitará de xeito individual a información necesaria para comezar ou non o procedemento. En caso afirmativo, pasamos o seguinte punto e seguimos co proceso.

2º O Titor/a informará a familia (se é menor de idade) ou o alumnado (se é maior de idade) sobre o proceso detectado. A información aportada polo/a Titor/a debe ser de xeito "GLOBAL", é dicir, que, entre outros aspectos, comeza, si así o desexan, un proceso no que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de xeito COLECTIVO por parte de todos os/as docentes do alumnado cunha decisión UNÁNIME e FIRME.

No caso de que a familia ou o alumnado maior de idade non desexara seguir co procedemento, este conclúe. Si polo contrario a resposta é afirmativa respecto a seguir co procedemento, pasaríamos o seguinte punto.

3º O/a Titor/a recabará a información necesaria do alumnado de todo o profesorado que lle imparte clases nese curso.

4º. Unha vez recollida toda a información o/a titor/a solicitará a Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora Extraordinaria ca totalidade do profesorado do alumnado implicado para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula.

Nesta Xunta Avaliadora Extraordinaria o/a titor/a do alumnado levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado implicado.

Para poder orientar ao alumnado de cara a unha ampliación de matrícula deberá haber acordo UNÁNIME de todo o profesorado.

Na Xunta Avaliadora Extraordinaria poderase aportar os datos, documentos... que amosen a conformidade ou non, da totalidade do profesorado do alumnado, para solicitar a Matrícula Excepcional (ampliación de matrícula).

Na Xunta Avaliadora Extraordinaria acordarase tamén a información que deba transmitirse a cada alumno/a e, de ser o caso, ao seu pai, nai ou titores legais sobre o proceso da ampliación de matrícula.

5. No caso no que se aconselle a súa promoción, o Titor deberá informar ao alumnado maior de idade ou a familia (no caso de ser menor de idade), acerca da solicitude (pódese ver esta solicitude nos Anexos desta Programación) que deberá realizar á atención da Dirección do Centro para levala a Consello e aprobala, se procede.

6. O Consello Escolar reunirse cas solicitudes recibidas pola Dirección e aprobaranse, se procede.

Aquelas que leven o visto bo, serán reflectidas na Acta de Avaliación correspondente.

Posteriormente o alumnado deberá ir á Secretaría do Centro para realizar os trámites administrativos correspondentes (cumprimentación de sobre de matrícula, pago de taxas...); unha vez realizados estes, o alumnado estará matriculado/a oficialmente no correspondente curso e haberase finalizado o procedemento de Matrícula Excepcional (Ampliación de Matrícula).

6.4. Medidas de recuperación

Os medios para a recuperación daqueles/as alumnos/as que non obteñan un resultado positivo ao longo do curso, serán os seguintes:

- Observación directa do/a alumno/a.
- Probas do repertorio traballado na clase ou traballo de lectura a primeira vista.
- Asistencia a clases de reforzo ou as Titorías de Alumnos/as.

6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Farase fincapé nun seguimento sistemático do alumnado dende o primeiro día de curso ata o último, a través de recursos teóricos como a explicación de determinados exercicios e a súa posta en práctica por parte do/a profesor/a e posteriormente por parte do alumnado ata conseguir os obxectivos esixidos para cada curso.

Naqueles casos nos que observemos deficiencias, o/a titor/a poderá realizar clases de reforzo, asistencia a clases doutros/as compañeiros/as de nivel similar, información máis continua cos/coas titores/as do alumnado...

6.4.2. Proba Extraordinaria

De xeito xeral, o alumnado que non superara a convocatoria ordinaria, terá que interpretar as pezas, estudos... que se lle indicarán no Informe de Avaliación Negativa, que se entregará xunto ao Boletín de Notas e/ou se envía por Centros Net na Avaliación Final.

6.5. Recursos didácticos

Unicamente se necesita unha aula suficientemente ampla para que a acústica sexa razoable e un armario no que gardar o material de clase (partituras, metrónomo,

afinador, etc.). Ocasionalmente utilizamos outros espazos do centro como o salón de actos, a biblioteca ou simplemente unha aula de maior capacidade para desenvolver actividades complementarias.

PROGRAMA ORIENTATIVO[†]

Primeiro grupo: Técnica

- Dominio e afondamento da técnica de Grao Elemental.
- **Escalas**
 - Mans cruzadas.
 - Sentido inverso.
 - Diferentes dinámicas e tonalidades.
 - Aumento da velocidade.
 - Diferentes combinacións rítmicas.
- Intervalos legatos.
- **Acordes**
 - Despregados.
 - Mans cruzadas.
 - Sentido inverso.
 - Diferentes dinámicas e tonalidades.
- **Arpexos**
 - Mans cruzadas.
 - Sentido inverso
 - Diferentes dinámicas e tonalidades.
 - De sétima e perfectos.
- Práctica de valore irregulares.
- Iniciación á ornamentación.

Segundo grupo: Estudos

- Catro estudos elixidos entre a primeira metade do "Primer Cuaderno", op.34 de N.Ch.Bochsa (Ed.Leduc).

Terceiro grupo: Obras Renacentistas, Barrocas e Clásicas

- Unha obra Renacentista. Por ej: calquera da "Arpa en el Renacimiento español", M^ªR Calvo-Manzano (Ed. Alpuerto).

- Unha obra Barroca. Por ej: unha do caderno 11 dos "Clásicos del arpa" de H.Renié (Ed. Leduc) ou "Preludios e Invenciones" de J.S.Bach.
- Unha sonatina entre os números 5 e 6 de "Seis sonatinas para arpa" de J.L.Dusseck (Ed. Supraphon Praha-Artia).

Cuarto grupo: Obras Románticas e Modernas

- Unhas sonatina de entre os números 3 e 4 das "Siete Sonatinas Progresivas de F.J. Naderman (Rd. Leduc).
 - Unha obra moderna ou contemporánea de mediana dificultade. Poe ej: "Pistacho" de B. Andrés.
- * O programa é orientativo. Isto quere dicir que os estudos e obras poden ser substituídos por outros de características semellantes, dependendo do nivel do alumno/a.

Curso: 2º G.P.

6.1. Obxectivos

- Adquirir unha progresiva autonomía na aplicación práctica dos coñecementos técnicos e teóricos para unha mellor expresión interpretativa.
- Afondar na práctica de correctos e eficaces (aproveitamento) hábitos de estudo.
- Coñecer e iniciar o estudo teórico das características propias de cada estilo, similitudes e diferenzas entre eles.
- Controlar de xeito axeitado e a través da técnica a coordinación psicomotriz.
- Interpretar obras de todos os estilos do repertorio solista atendendo ás características propias de cada obra, á musicalidade e á expresión (iniciarse no estudo teórico das características propias de cada estilo, as súas similitudes e as súas diferenzas).
- Práctica do repertorio sinfónico apropiado ao nivel.
- Tocar en público, sendo algunha das obras do repertorio de memoria, demostrando un axeitado autocontrol, permitindo así unha correcta fluidez do discurso musical e a conseguinte comunicación co oínte.

6.2. Contidos

- **Técnica**
 - Repaso e afianzamento da técnica de grao elemental.
 - Práctica de intervalos, escalas, acordes e arpejos.
- Mans cruzadas.
- Sentido inverso.
- Distintas dinámicas.
- **Mans en distintas tesituras**
 - Traballar a claridade sonora en ambas as dúas mans (ataque).
 - Iniciación ao estudo da combinación de fórmulas rítmicas diferentes para cada man.
 - Estudo de exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais.

- Estudo teórico dos diferentes ornamentos, e a súa práctica con exercicios específicos, e mesmo escribindo o/a alumno/a a súa propia ornamentación nas obras que así requíranos (no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan).
- Coñecemento das distintas grafías contemporáneas e a súa realización na arpa.
- **Comprensión e análise / Improvisación**
 - Realización de traballos de análise sobre fragmentos ou a totalidade das obras de repertorio.
- Análise harmónica.
- Formal.
- Histórico.
- Estilístico. Todos estes puntos no nivel que os seus coñecementos musicais lle permitan.
- Traballo de lectura á primeira vista, continuación do realizado anteriormente no grao elemental.
- Estudo do repertorio orquestral apto para o seu nivel.
- Interpretación correcta do repertorio solista propio do nivel.
- Adestramento continuado da memoria.
- **Audicións**
 - Do/ alumno/a dentro da aula.
 - Do/a alumno/a ante un público.
 - De distintas versións dunha obra, comparando de xeito crítico as diferentes interpretacións.

6.3. Avaliación

A avaliación é unha actividade que se desenvolve de forma paralela ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por iso contéplanse novos momentos e novos modos de realizar a avaliación, non só limitándose á avaliación final.

6.3.1. Criterios de avaliación

- Dominar a técnica correspondente ao curso.
- Interpretar estudos e obras de todas as épocas, de acordo cos seus criterios estilísticos correspondentes. Demostrar a autonomía necesaria para a resolución de problemas tanto teóricos como técnicos.

- Tocar en público con fluidez e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras do curso.

6.3.2. Mínimos esixibles

O alumnado superará o curso se obtén, como mínimo, un 5 (valoración de 1 a 10), en cada un de todos os seguintes items:

- Dominar a técnica correspondente ao curso.
- Interpretar estudos e obras de todas as épocas, de acordo cos seus criterios estilísticos correspondentes. Demostrar a autonomía necesaria para a resolución de problemas tanto teóricos como técnicos.
- Tocar en público con fluidez e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras do curso.

6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación inicial realizarémola ao principio do curso e de cada unidade didáctica; a avaliación continua permítenos controlar o proceso mentres este se leva a cabo; e a avaliación final ou sumativa podemos realizala ao final de cada unidade ou ao final do trimestre ou o curso na que se avaliará principalmente o grao de asimilación dos obxectivos e contidos propostos.

En canto aos procedementos de avaliación hai outros que tamén cobran importancia na nosa especialidade como a autoavaliación, xa que da súa capacidade crítica depende en boa medida o correcto aproveitamento do tempo de estudo do/a alumno/a na casa; e a coavaliación, que é aquela que realizan os/as alumnos/as sobre a aprendizaxe dos seus/súas compañeiros/as.

A avaliación e cualificación final dos/as alumnos/as celebraranse ao final de curso. A Proba Extraordinaria realizarase no mes de xuño (As obras a interpretar serán notificadas ao/á alumno/a no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net).

No Grao Profesional, a cualificación negativa de dúas materias (como máximo) permitirá a promoción ao curso seguinte. No suposto de materias pendentes referidas á práctica instrumental, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte se esta forma parte deste. No resto dos casos os/as alumnos/as deberán asistir ás clases da materia non superada no curso anterior.

A cualificación no Grao Profesional, exprésase con números enteiros do 1 ao 10, entendendo que unha cualificación entre o 1 e o 4 supón a non superación de cada criterio.

6.3.4. Criterios de cualificación

1. Técnicos: 50% (pulsación, coordinación psicomotriz, hixiene postural...)
2. Estéticos: 50% (interpretación, son, resultado musical...)

6.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o/a alumno/a teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade dos/as profesores/as do/a alumno/a estean de acordo. Os/As profesores/as poderán realizar unha Xunta Avaliadora para estudar o caso concreto.

